

RUTA 3: DA MINA DA TOCA



A ruta comeza en Seoane do Caurel, na metade do pobo subindo por unha pista de asfalto á dereita que leva a Piñeira. Ós poucos metros atópase a Igrexa de Seoane e continúaase



ascendendo de forma suave ata chegar a aldea de Piñeira que está a un quilómetro e medio de distancia. Chégase a Piñeira do Caurel e a ruta prosigue pola parte alta da aldea e pasa o carón da capela de San Vicente, de arquitectura sinxela e composta



dunha escalinata e un pórtico de entrada exterior. Continúaase polo sendeiro en dirección á Mina da Toca. No camiño atópase unha alvariza ó pé da ruta que é unha construción circular de pizarra que ten como finalidade protexer as colmeas de mel do ataque dos animais, máis concretamente dos osos.



Séguese ascendendo polo sendeiro que bordea a montaña ata chegar á Mina da Toca que é a meirande mina aurífera do Caurel explotada polos romanos con técnicas como a de "ruina montium" que consistía en escavar a montaña a ceo aberto empregando a auga para arrastrar e lavar o material.



A mina ten un corte na ladeira da montaña de gran profundidade e dende o seu punto máis alto pódese disfrutar das vistas de aldeas como Vilela ou Mostaz, do río Lor e en frente da Mina de Toribio Oeste. Logo de avanzar uns metros bordeando a montaña atópase un pequeno desvío á dereita que conduce ó interior da mina colonizada agora por matos.



A Pé
 4h30m
 12.5 Km
 Circular
 Dificultade: baixa media alta

Retómase o sendeiro principal e continúaase por unha pista de terra pasando ó carón dunha explanada que funciona como aparcadoiro.



Ós 200 metros déixase un piñeiral a man dereita e descéndese por un camiño a man esquerda ata dar cun depósito de auga que indica o camiño a seguir en dirección a Esperante.



A ruta volve pasar por Piñeira, xusto despois de atravesar un souto e continúa por unha pista de asfalto ata chegar á estrada principal que hai que cruzar para coller un camiño de carro en pendente que permite ver ó lonxe a Igrexa de Esperante. Crúzase a estrada novamente

e a ponte que está ó carón do Acampamento O Caurel. Séguese pola parte baixa do camping e pola beira do río. Uns metros máis adiante



atópase a Igrexa de San Pedro de Esperante que é de planta rectangular e que garda no seu interior unha talla do santo. Ascéndese polo camiño estreito ata chegar ó alto da pequena aldea de Esperante e tómase o desvío a man dereita para ascender novamente polo souto en dirección á Ferrería Nova.

Ós 500 metros xa se pode ver ao lonxe Seoane do Caurel. Unha vez na Ferrería Nova, crúzase a ponte e atópase a Ferrería Locay, auténtica mostra da cultura popular na que destaca a torre do banzado duns 10 metros de altura.

A ruta continúa en ascenso pola pista ancha de asfalto uns 600 metros aproximadamente ata chegar de novo a Seoane onde remata a ruta.



LEENDA

- Inicio
- Dirección
- Aldea
- Igrexa
- Camping
- Mina
- Ponte
- Río
- Reboleira
- Souto
- Sobreira
- Aciñeiral



Ruta da Mina da Toca